

Acto de entrega dos VII Premios BACELOS DE PRATA

Data: 15 de maio de 2010

Hora: 12:30 horas

Lugar: Esposende (Ribadavia)

Discurso do secretario xeral de Política Lingüística, Anxo Lorenzo

Autoridades

Benqueridos amigos e amigas

Fieis ao compromiso co sector vinícola da nosa terra, así como coa cultura e mais coa lingua propia de Galicia, a Asociación Álvaro das Casas promove esta nova entrega dos Premios BaceLOS de Prata na que teño a honra de participar por vez primeira.

Un ano máis, esta asociación –que naceu a carón deste pazo no que morou don Álvaro das Casas– reconece o labor realizado polas adegas premiadas a prol do prestixio e da calidade do sector vinícola de Galicia, a prol do crecemento da nosa economía e a prol do impulso da identidade galega na actividade empresarial.

Os Premios Baceiros de Prata simbolizan, polo tanto, o recoñecemento público á vontade de emprender novos camiños na construción do futuro de Galicia, desde o compromiso coa lingua propia desta terra.

Porque unha sociedade como a galega que quere ser competitiva no ámbito nacional e internacional non pode renunciar a achegarse ao mercado na súa lingua propia. Porque o galego é o elemento esencial que nos define como colectividade e que, ao mesmo tempo, singulariza a calidade dos nosos produtos.

A lingua galega, polo tanto, tamén é un factor de penetración no mercado. Un elemento que dignifica e autentifica –nun mundo cada vez máis globalizado e competitivo– os produtos galegos; os recursos naturais, como o viño, tan ligados á nosa terra e á nosa cultura.

“Queremos que por onde vaia o noso viño, vaia a nosa lingua. Así, quen beba o noso viño beberá as nosas palabras. Os novos viños e a lingua galega fan bo xuntoiro e andarán o mundo enteiro como dous namorados, sendo un compañeiro e caxato do outro”.

Esta unión entre o viño e a lingua que recollía o manifesto *Colleita 2004. Máis galega* –promovido pola Asociación Álvaro das Casas– téñena clara as empresas premiadas nesta sétima edición dos Premios Baceiros de Prata.

Por iso, e xa para rematar, quero trasladarlles os meus máis sinceros parabéns á ADEGA DURÁN, da denominación de orixe Rías Baixas, e mais a Emilio Docampo Diéguez, da denominación de orixe Ribeiro, polo seu compromiso coa incorporación da lingua galega á súa actividade.

Os meus parabéns tamén, por suposto, á Asociación Álvaro das Casas, polo importante labor que veñen realizando –a través de numerosas iniciativas– a prol da extensión do uso do galego no ámbito socioeconómico.

Moitas grazas